



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2009 12:49
Nº Rexistro: 09429
Data envío: 02/10/2009 12:49:25.076


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez**, e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Pleno**, relativa á reafirmación do consenso en torno á Lei de Normalización Lingüística e á adopción de medidas para o efectivo cumprimento da legalidade vixente en materia toponímica.

Hai 26 anos o Pleno do Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Lei 3/1983, do 15 de Xuño, de Normalización Lingüística, que no seu artigo 10 establece a galega como única forma oficial dos topónimos. Isto é, institúe o dereito de galegos e galegas a denominar aos lugares, vilas, cidades e parroquias do noso país polo seu nome orixinal e xenuíno, e non pola deturpación imposta, fundamentalmente en tempos do réxime ditatorial franquista.

Non existen, daquela, topónimos “en galego” e topónimos “en español”. Dáse a circunstancia de que a toponimia xenuína e lexítima do noso país é produto, loxicamente, dunha creación colectiva vinculada ao idioma propio de Galiza. E que a mal chamada toponimia “en castellano” non é máis que a asunción dunha imposición (en ocasións violenta) que non fixo máis que deturpar e barbarizar os nomes xenuínos do noso país. Máis unha forma, e non a única, de anular a nosa identidade.

Os efectos desa práctica política sobre o noso país foron devastadores.. Prohibíronse as denominacións propias, e impuxéronse oficialmente as deturpacións. O obxectivo, desgaleguizar o máis posíbel os nosos propios nomes e denominacións,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 02/10/2009 12:49


Nº Rexistro: 09429

Data envío: 02/10/2009 12:49:25.076

chegando a aberracións como “Chandreja de Queijo”, “Cillero”, “Lage”, “Sangenjo”, “La Coruña”, “Carballino”, e outros centos de casos. O caso emblemático de “El Niño de La Guía”, substituíndo a “Niñodaguia”, conxuga á perfección o odio polo galego coa pura ridiculez. Sería para rir se non formara parte do drama histórico de Galiza.

Os sectores máis antigalegos do Partido Popular e do Goberno que sustentan, leais servidores da reconstrución dun proxecto político español, que dende Madrid non oculta a súa intención de destruír os sinais lingüísticos e culturais de todo o que non sexa a lingua e cultura española, pretenden, como bos e obedientes executadores desa política, eliminar mesmo o que hai 26 anos foi obxecto de acordo e consenso entre as formacións (incluída no seu día Alianza Popular) a través da Lei de Normalización Lingüística.

Estas teses de desprezo polo propio e fascinación polo alleo, de autonegación de pertenza ao pobo galego (que non só se debera demostrar nos ámbitos folclórico e gastronómico), chegan xa ao esperpento cando cargos do Goberno galego comezando polo propio Presidente da Xunta, defenden a conculcación do cativo tímido, insuficiente e limitado marco legal vixente na materia, ou mesmo de sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Tribunal Supremo e o propio Tribunal Constitucional. Pobre país o noso: quen debera dar exemplo do amor polo propio, de autoestima colectiva, e de cumprimento de legalidade (Goberno galego), é o primeiro impulsor da anulación da identidade do país que, por certo, lle dá de comer e xustifica a súa propia existencia política e institucional.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 02/10/2009 12:49

Nº Rexistro: 09429

Data envío: 02/10/2009 12:49:25.076


Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza reafirma o seu acordo en torno ao disposto no artigo 10º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, que establece que “os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”, e insta o Goberno galego a:

1.º) Adoptar todas as medidas conducentes ao efectivo cumprimento da legalidade vixente no tocante ao respecto da toponimia galega, consonte o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, procedendo á modificación ou substitución da sinalética viaria de titularidade galega, provincial ou municipal, a existente en edificios e instalacións públicas, así como a rotulación presente ou de próxima incorporación en instalacións e mobiliario urbano, impresos e documentación, carimbos, sitios web e mensaxes informáticas, mataselos e elementos de identificación análogas, así como as de comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas.

2.- Garantir en todos os concellos a utilización da denominación xenuína e orixinal (non a deturpada e imposta), na súa forma oficial, dos seus topónimos.

3.- Dirixirse ao Goberno español para que proceda a realizar as accións precisas nas sinalizacións das infraestruturas viarias, portuarias e aeroportuarias da titularidade do Ministerio de Fomento, ou de calquera outras sobre a súa competencia, radicadas no territorio galego, co obxecto de respectar a toponimia galega. Coa mesma orientación e obxectivo, en relación con calquera outra actuación,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2009 12:49
Nº Rexistro: 09429
Data envío: 02/10/2009 12:49:25.076

tramitación, comunicación ou procedemento que, dependente do Goberno español ou dos seus órganos periféricos, surta efecto na Galiza.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 02/10/2009 12:48:56